



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

# DEFENDAMOS A SANIDADE PÚBLICA



Todos os camiños da política sanitaria do PP teñen como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega a base de recortes continuos, co fin de poñela ao servizo de intereses privados, facendo así negocio coa saúde das persoas.

Durante os últimos anos o PP, con Núñez Feixoo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas nesa dirección: redución de orzamentos, eliminación de máis de 2000 profesionais, redución de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, repagamento de medicamentos, non substitución do persoal...

Os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, no deterioro asistencial: colapsos de urxencias, sobrecarga laboral d@s traballador@s, aumento das listas de espera.

Para continuar coa súa folla de ruta, o PP pretende agora facer unha reforma da Lei de Saúde. Non se trata dunha modificación menor: é unha bomba de relojería na liña de flotación da sanidade pública de Galiza:

**\_Afonda na legalización da derivación de doentes e recursos á sanidade privada**, e no canto de achegar a prestación sanitaria á xente, alónxaa.

**\_Un instrumento máis para o recorte**, de servizos e persoal, para a concentración da toma de decisións, de recursos e a exclusión da poboación do control da mesma, primacía dos criterios económicos e de negocio, fronte a unha atención de calidade e próxima.

**\_Os Hospitais Comarcais e Atención Primaria pasan a ser meros apéndice dos grandes hospitais**, con perda de autonomía, de orzamento, servizos, capacidade de decisión e dirección.

**\_Os grandes hospitais absorberán a maior parte dos recursos sanitarios.**

**\_Supón a privatización da formación e da investigación sanitaria.**

**\_Vai na dirección contraria a dun modelo sanitario de calidade**, próximo á poboación, comunitario, participativo e orientado á prevención.

**Nunca un goberno desfixo tanto en tan pouco tempo**, fixo tanto dano á sanidade pública e ás usuarias e usuarios.

Temos que impedir que poñan en risco a nosa saúde e a nosa vida, que fagan negocio a costa da nosa sanidade.

**ACUDE Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA POR**



**DOMINGO, 4 DE FEBREIRO, ÁS 12H. ALAMEDA DE COMPOSTELA**